




A fala da terra. Labregas

Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego

A FALA DA TERRA. LABREGAS

Sindicato Labrego Galego. 2023



Financia



Un especial agradecemento a todas as mulleres
que cederon o seu tempo para compartir estas
experiencias e a todas aquelas que cada día
coidan da terra e da nosa alimentación.

A fala da terra. Labregas
1ª edición, decembro 2023
ISBN: 978-84-127393-5-0
DL: C 2027-2023

Edita: Sindicato Labrego Galego e Sacauntos.
Financia: Deputación de Pontevedra.

Investigación e redacción: Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego
Galego en colaboración con Carlota/Charline Ducottet (Fillas da Terra e
Vexel de Coiro) e Cristina Ambel Márquez (Vexel de Coiro).

Deseño e diagramación: Maos Innovación Social, S. Coop. Galega.
Imprime: Sacauntos Cooperativa Gráfica.

As labregas son determinantes para a vertebración territorial e social. A través do seu traballo produtivo e reprodutivo, maiormente invisible, sustentan a Soberanía Alimentaria de comunidades e familias. Cultivan e coidan a terra, coidan o gando, preparan os alimentos e reinverten os ingresos en alimentación, educación e saúde. Supoñen, así mesmo, un eixo para a innovación e o desenvolvemento local.

Esta escolma de experiencias de mulleres con diferentes perfís crea un mapa da realidade labrega feminina na provincia de Pontevedra e pon en valor o seu traballo.

As catorce mulleres presentadas asumen o coidado da terra. Segundo os principios da agroecoloxía evitan tratamentos químicos, coidan o solo e fomentan a biodiversidade de cultivos (de especies e variedades dentro da mesma especie) así como a silvestre. Buscan o benestar do gando e procuran a venda de proximidade.

O labor que fan as mulleres labregas na provincia é imprescindible pola produción de comida de alta calidade e de proximidade durante todo o ano. Por desgraza, o traballo no campo está moi subestimado pola sociedade actual e a fenda rural urbano é mais incisiva para as mulleres. Resulta moi difícil poder cobrar un soldo digno, acceder á terra e cultivala de maneira respectuosa.

Este libro dá a coñecer estas cuestión e propón claves para o futuro con proxectos de vida que apoian e coidan deste traballo tan significativo.

Preténdese tamén animar a novas xeracións a incorporarse nesta profesión imprescindible para a sociedade e enchela de dignidade. O noso futuro está nas mans das que cultivan a terra de maneira respectuosa e sostible, e este traballo non deixa de ser un traballo marabilloso.

Animámosvos a volver a coller o sacho, coidar a terra e regresar á aldea. Este é o camiño real para a Soberanía Alimentaria, porque se as labregas non plantan, a cidade non xanta!

En todo caso, se cultivar non é para ti, sempre podes apoiar comprando cada semana ás produtoras agroecolóxicas da túa zona. Se non as coñeces, este libro darache algúns nomes, pero sempre podes saber máis consultando o mapa de proxectos agroecolóxicos do directorio do Sindicato Labrego Galego (www.oubel.es/slg/novas/c/directorio-agroecoloxico/), apuntándote a un grupo de consumo, ou mirando na páxina web do SPG A Gavela.

Apoia as producións locais agroecolóxicas e sé un axente de cambio!

Índice

9	Tecer redes no territorio e traballar en redes. Iso é a clave de todo.
15	Hai cultivos que che dan liberdade.
19	Para min traballar a horta é todo.
25	O traballo de labrega é un traballo de gran compromiso político.
31	A parte máis dura do meu traballo é o problema da velutina.
35	O básico para o respecto a unha mesma é una alimentación sa.
39	As políticas son fundamentais, o intensivo non é viable.
45	Tiña claro que eu quería traballar máis na horta que na política.
51	A terra elixiume e eu aceptei a proposta.
55	Todo o mundo que puidera debería ter as vacas en liberdade.
59	Como labrega a maior dificultade é a desvalorización do oficio.
65	As flores son importantes para que funcione un ecosistema.
71	Vexo necesarias axudas específicas ao sector a partir dos 40 anos.
75	A miña avoa sempre me axudou, tiña liberdade de estar ao seu lado.
79	Conclusiones.



OFELIA GAITÁN PALACIOS

A Milpa do Salnés. Sociedade Cooperativa Galega

Simes, Meaño

47 anos

Tecer redes no territorio e traballar en redes. Iso é a clave de todo

Descrición do proxecto

- Idade do proxecto: 3 anos.
- Superficie: Unha hectárea de millo e trinta camas biointensivas experimentais.
- Tipo de venda que realizas: Venda directa e tenda en liña. Venda de fariña de millo e hortalizas. No futuro, elaboración e venda de subprodutos de fariña de millo.
- Número de persoas traballando: Dous socios, eu e a miña parella.
- Horas de traballo/día: Xornada completa para min (8 horas), Guillermo está a tempo parcial.
- Como é a túa xornada laboral ao longo do ano? No inverno se chove moito aproveitamos para facer labores de escritorio, e no verán ao revés, aproveitamos as horas de sol. Temos unha flexibilidade de horario adaptable en función do tempo que vai e das nosas obrigas (fillos, etc).

Vives só do teu traballo como labrega? Se é o caso, como o conseguiche? Que economía te sostén?

Si, a cooperativa permítenos vivir e cobrar polo noso traballo. Guillermo ten tempo tamén para facer outros traballos pero adoitan estar relacionados coa cooperativa. O noso modelo económico componse dunha parte agrícola e dunha parte de investigación.

Tamén damos charlas en colexios. Queremos contribuír ao medio ambiente, á sociedade.

Tamén temos un currículo que nos apoia, grazas ás nosas experiencias en Nicaragua traballando en investigación e desenvolvemento rural e antigos traballos. Temos proxectos que nos financian, por exemplo, Feader, AGACAL e Xunta de Galicia.

Que te levou a traballar a terra?

Quería traballar pola miña conta e a alternativa que tiñamos era traballar en cooperativa. Aquí non é moito esforzo producir comparado con Nicaragua porque moitas terras son súper produtivas. Queríamos traballar pola nosa conta e sen ter a ningúen que nos diga o que temos que facer, poder conciliar a túa vida persoal co teu traballo e facer algo que che gusta. Ao vir para aquí decidimos empezar dende cero e é moi enriquecedor.

Que dificultades tiveche que afrontar por ser muller? E muller labrega?

A burocracia que hai en xeral para poder legalizarse é súper pesada, porque no meu caso, non son só muller, senón tamén inmigrante. Agora a nacionalidade española acábame de saír despois de pedila hai 3 anos. Pero tamén pedir a tarxeta de residencia é moi complicado, e eu teño sorte porque son unha muller independente que conduce, non teño xefe e pódome desprazar. Ser muller no campo e inmigrante é complicado.

Tes algún compromiso social e/ou político relacionado co traballo?

Si, teño moitos. Estou involucrada na asociación de inmigrantes

de Nicaragua para axudar ás mulleres a atopar un traballo seguro aquí. En relación con iso, no futuro da cooperativa, temos a idea de crear postos de traballo para persoas vulnerables. Por exemplo, temos a idea de ofrecer a estas mulleres a posibilidade de elaborar tortillas de millo coa nosa fariña, e de vendelas en mercados ou feiras para tentar vivir diso.

Por outra banda, traballamos con colexios e damos charlas, e tamén levamos hortas escolares segundo o método biointensivo. Levámoslos a producir a súa propia semente. Ademais, xestionamos as redes sociais da Sociedade Española de Ornitología (SEO).

Que é para ti cultivar de xeito sustentable e respectuoso co medio ambiente?

No noso caso, cultivar de maneira sostible empeza dende a semente e na elección das variedades que se cultivan. Traballamos distintas variedades de millo autóctono galego: dúas variedades de branco, unha de corvo, unha de vermello e unha de amarelo. Tratamos de que esas variedades se adapten á súa contorna e a súa polinización faise a man. Nós producimos a nosa semente en todo. A nai de Guillermo (socio da cooperativa e enxeñeiro agrónomo)

coñece moitas técnicas de conservación de semente e axúdanos con ese labor.

Ademais participamos nun proxecto de investigación con Francia e Portugal sobre o método biointensivo e o seu rendemento e xestión do chan. Seméntanse e cultívanse parcelas da mesma maneira nos 3 sitios para ter as 3 réplicas iguais. Fertilízase o chan con compostaxe que se fai *in situ*.

A agricultura biointensiva supón un traballo unicamente a man e sen maquinaria. A idea é producir moito en pouco espazo. Cultívase sobre camas perma-

nentes. Fanse análises de chan para saber exactamente o que necesita o chan e o seu PH. No método biointensivo non se usa esterco para abonar, só se usan materias vexetais.

Tamén se practica a rotación de cultivos para non esgotar os nutrientes do chan. A idea é ir rotando os cultivos. Por exemplo, o feixón préstase moi ben despois do cultivo de millo, cultivo que é o maior extractor de nutrientes do chan. A planificación da horta dun ano para outro é moi importante e ensínase no método biointensivo.



Cal é a parte máis bonita do teu traballo? E máis dura?

A parte máis bonita é a conexión coa terra e a natureza, é como máxico poder ver crecer unha semente e ver o froito que dá. Éncheche moito. As condicións climáticas quizais son as máis duras porque tes que estar no campo con calquera condición meteorolóxica.

Que consello lle darías a algunha muller que quixera vivir do cultivo da terra hoxe en día?

Primeiro, facer alianzas; buscar mulleres que estean a facer o mesmo, buscar intercambio de experiencia. Tecer redes no territorio e traballar en redes. Iso é a clave de todo. Unha opción tamén é buscar bancos de terra, por exemplo nós moitas terras que traballamos son prestadas. O tema da agricultura depende tamén do clima pero aínda así o apoio é fundamental.

Propostas para a mellora da actividade.

Primeiro, poder tratar de facer máis redes, que estean máis

funcionais e que haxan máis incentivos no ámbito rural. Falta consciencia do que é a produción e o que custa. Hai que darlle o valor á persoa labrega. Os políticos apostan máis pola importación que pola produción, e iso é un problema. O tema rural deberíase de traballar máis a nivel político. Que poñamos máis atención ao rural! Se a vós como persoas consumidoras vos cobran caro por un alimento, por que ao produtor non se lle pode pagar un prezo xusto?

En Pontevedra, non teño a ningún que me poida asesorar a nivel de agricultura ou de proxecto rural. Necesito a alguén que entenda que somos unha pequena cooperativa; que movemos pequenos volumes e necesito alguén que promova o desenvolvemento rural e cooperativas de pequenos volumes. Debería haber nos concellos unha persoa que estea dedicada ao desenvolvemento rural. Pero iso hoxe en día non existe. Non hai incentivos para producir de maneira respectuosa, e ademais a persoa produtora non gaña para producir, gaña o distribuidor, o supermercado.



EVA MAZÁS GARCÍA

Cora, A Estrada

44 anos

Hai cultivos que che dan liberdade

Descrición do proxecto

- Idade do proxecto: 8 anos dende que estou eu coas maceiras, pero xa estaban producindo antes de que collera a finca en 2015.
- Superficie: 4,5 ha.
- Número de froiteiras: Máis de 2.000 maceiras en ecolóxico.
- Tipo de venda que realizas: Vendemos toda a produción a unha empresa a través da cooperativa na que estamos 25 produtoras.
- Número de persoas traballando: Eu, con axuda do meu home. Na recollida somos 10 persoas durante unha semana.
- Horas de traballo/día: Hai días que non traballo nada e hai días que traballo 8 horas.
- Como é a túa xornada laboral ao longo do ano? No verán e no inverno é totalmente diferente. Rozo 4 veces ao ano. Dende que comezo non paro ata que rozo todo. Isto pode durar un mes enteiro, en total 4 meses.

Vou de 9:00 da mañá a 13:00, porque pola tarde teño as nenas. Me nos na recollida que imos mañá e tarde. Logo está a poda, que soe empezar en xaneiro e dura un mes e mes e pico. Tamén só pola mañá, algún día puntual polas tardes, pero vou sempre polas mañás.

Vives só do teu traballo como labrega?

Non. Teño outros traballos ao longo do ano. As maceiras danme no ano media xornada ou menos.

Que te levou a traballar a Terra?

Sempre me gustou, pola carreira xa tiña vinculación. Na miña familia non hai ninguén que sexa

agricultor, non tiña referencias. Só miña nai tiña unha horta. O das maceiras foi porque tiña as nenas e non quería ter fillas para que as coidaran outros. Se tivera outro traballo non podía compaxinar o coidado das nenas. Entón empecei a interesarme por algún tipo de cultivo que puidera compaxinar. Pensei nun invern-



doiro, pero tiña que estar todos os días. Xorde a idea das maceiras e vin que en A Estrada había para sidra e arrisqueime. Un día vin a unha recollida e estiven falando co señor da finca. Comentoume que estaba desexando alugala e decidín collela. E aquí sigo!

En 2016 fixen unha primeira instalación, porque non tiña maquinaria, non tiña nada. Coa incorporación merquei un tractor, unha rozadoira, unha rozadoira de costas, a motoserra e a tesoir, que é o que necesito para traballar. E cada vez fun aumentando un pouco máis as fincas.

Que dificultades tiven que afrontar por ser muller? E muller labrega?

Por ser muller e nova tiven que loitar o dobre para conseguir o mesmo, para ser valorada no mesmo posto. Por exemplo, por cuestións da cooperativa, xa non só por ser muller, por protestar. Fun aguantando, aguantando e agora estou na directiva.

Nas fincas por exemplo non tiven problema. A nivel labrego, noto a sensación de que sectores da sociedade pensan que as labregas e os labregos somos inferiores.

Tes algún compromiso social e/ou político relacionado co teu traballo?

Son afiliada do Sindicato Labrego Galego e tamén formo parte da directiva da cooperativa.

Que é para ti cultivar de xeito sustentable e respectuoso co medio ambiente?

Unha forma de vida na que deberíamos estar todas e todos, porque outra saída non vexo. Se non somos respectuosas acabaremos co mundo. Debería ser unha política xeral, non só no cultivo da terra, en todos os ámbitos.

Cal é a parte máis bonita do teu traballo? E a máis dura?

A parte máis bonita é a poda! Encántame ir podar, é o que máis me gusta. Estar soa nas fincas. Poño a radio e sinto unha sensación de paz que non se pode pagar con cartos. Aínda que me gusta estar con xente e son unha persoa moi sociable. Pero esa paz, estar alí escoitando os paxariños soa para min é unha bendición.

A recollida é moi dura. Pasámolo ben, ao final acabamos rindo. Pero é dura, porque acabas cos xeonllos fastidiados. Eu teño artrose e estar todo o día agachada é duro. O máis duro de ser labrega é que o traballo non

está valorado nin está pagado. Ao final os prezos non os poñemos nós como deberíamos. Non podemos poñer nin sequera o que lle corresponde.

Que consello lle darías a unha muller que queira vivir do cultivo da terra?

Que se animen. Se é algo que realmente lles gusta, adiante. Que estuden ben o cultivo que lle gusta, que miren ben o que queren facer. Dentro da agricultura hai cousas que dan menos traballo que outras. Hai cultivos que che dan liberdade, para coidar os fillos, para ir de vacacións, para ir de fin de semana.

Propostas para a mellora da actividade.

Gustárame atopar outro comprador que nos valorara máis e nos pagara máis a mazá. As produtoras da cooperativa non queremos ir máis alá da produción de mazá, non queremos facer sidra. Vemos que aquí non ten saída. Galiza non é unha comunidade bebedora de sidra. Entón queremos atopar quen nos pague o que debería. Iso tería que estar regulado pola administración. Ela debería negociar coa industria, pero non lle interesa.



CRISTINA AMBEL MÁRQUEZ

Verxel de Coiro (www.verxeldecoiro.com)

Coiro, Cangas do Morrazo

43 anos

Para min traballar a horta é todo

Descrición do proxecto

- Idade do proxecto: O proxecto nace hai 9 anos, en 2014, e está ao meu cargo dende o 2019.
- Superficie: 2500 m² de horta, 450 m² de invernadoiro e 2000 m² de froiteiras, limón, pomelo, figueira, feixóns.
- Tipo de venda que se realiza: Hortalizas de tempada, froita. Venda en finca a particulares. Reparto en Vigo, Pontevedra, en restaurantes, bares e tendas.
- Número de persoas: Cris, Carlota e Pepa (voluntaria dende hai 9 anos). Sempre houbo moitas voluntarias que viñan botar unha man, á parte dalgũa traballadora estacional.
- Horas de traballo/día: Entre 6 e 8 horas diarias, agás nalgún momento puntual que é necesario dedicar máis tempo.
- Como é a túa xornada laboral? Partida. Descanso para comer e botar unha pequena sesta para continuar pola tarde.

Vives só do traballo de labrega?

Principalmente si, aínda que dende hai uns anos fago algunha charla de agricultura e horta. Agora estou dando aulas extraescolares de xardinería a nenos e nenas dun colexio de Cangas. Pero a horta é o que me sustenta principalmente.

Que te levou a traballar a terra?

Nunca pensei en facelo. Eu era

unha urbanita de Sevilla, e digo era porque xa non me considero. Sempre me gustou a natureza, as plantas, os animais, por iso estudei bioloxía. Ao rematar a carreira en Vigo, propuxéronme poñer en marcha un viveiro de plantas de horta e lanceime. Ao decatarme de que non había mercado en ecolóxico, vin un nicho de mercado e comecei a coñecer produtoras e o mundo

da horta e, pouco a pouco, todo o que iso supón.

Co viveiro, despois de 8 anos, moitas complicacións económicas e tres invernadoiros que sufriron os problemas derivados da climatoloxía, fun deixando o meu traballo de viveirista e un cliente ao que provía de planta, e que, por circunstancias, queda só no seu proxecto (Verxel de Coiro) e ofréceme traballar con el. Un ano despois, xubilase e quedo eu co negocio.

Estou a cargo do Verxel de Coiro dende o ano 2019. Dende sempre Pepa, profesora de bioloxía xubilada, axúdame polas mañás, e cada ano hai unha voluntaria que traballa na horta coa intención de aprender e botar unha man, ademais dalgunha traballadora puntual na estación estival. Sempre pensei en buscar a alguén con quen compartir o negocio, cousa nada fácil.

Pero, na actualidade, e coa esperanza e ilusión de que saia ben, Carlota (unha moza tamén labrega) e mais eu estamos en período de proba coa intención de asociarnos e levar de maneira conxunta a horta de modo que o traballo sexa máis doado e que poida darnos un soldo digno a ambas. Dende que traballo no Verxel cada día descubro todo o

que me aporta traballar do campo: unha alimentación saudable, coidado da terra, da miña saúde e dos meus clientes, e amigos, ademais e o meu ximnasio, o meu contacto coa natureza, a miña autonomía, o meu sustento económico. Para min traballar a horta é todo.

Que dificultades tiveche que afrontar por ser muller? E muller labrega?

Especificamente por ser muller creo que ningunha. As miñas dificultades principalmente eran económicas. Acceder a terras foi sempre grazas a cesións. Un dos invernadoiros cedéumoo un amigo, outro construíno eu con bambú e para o terceiro tiveron que pedirlle diñeiro a unha familiar para que me axudara porque por parte da administración non tiveron máis axuda que a RISGA (Renda de Inserción Social), que non me permitía poder tirar para adiante co negocio do viveiro, ata que tomei a decisión de buscar traballo por outro lado que foi cando me xorde a oportunidade de traballar no Verxel de Coiro.

Como labrega a maior dificultade e a concienciación do traballo que realizo e do prezo do produto, pouco valorado pola sociedade, o que impide, a pesar de



traballar duramente, conseguir un soldo digno.

Tes algún compromiso social e/ou político co teu traballo?

Cando comecei co mundo do viveiro estiven na rede de sementes, e no mercado 4 Ponlas, e na actualidade son membro do SPG A Gavela, da Asociación As Vimbias, do Sindicato Labrego Galego e do presente proxecto.

Que é para ti cultivar de xeito sustentable e respectuoso co medio?

É unha oportunidade de poñer o meu gran de area para mellorar un pouco este mundo, polo menos, no que está na miñas mans. Aportar á miña comunidade a posibilidade dunha alimentación saudable e xerar unha economía local. Coidar a terra, xerar biodiversidade, coidar o medio que me rodea e todo o que iso supón.

Cal é a parte máis bonita do teu traballo? E a máis dura?

A parte que máis me gusta do meu traballo é traballar coa terra, ver como crecen as verduras e como muda a horta segundo a estación do ano, ver como os froitos medran e van cambiando as formas, as cores. Encántame ver a biodiversidade que se xera en todo o terreo.

A parte máis dura é perder a colleita por culpa do clima, as pragas, pero, sobre todo, ter que convencer ás persoas sobre o prezo xusto da venda das verduras, é dicir, que a sociedade non lle dea valor ao traballo que facemos as labregas e á alimentación ecolóxica e de proximidade, fóra de produtos tóxicos, de plástico de multinacionais...

Que consello lle darías a unha muller que quixese vivir do cultivo da terra hoxe en día?

Que se conciencie de que é un traballo que supón moito esforzo e é bastante duro, pero se o traballas pode aportarche máis do que che quita. Recomendaríalle que vaia a coñecer moitos proxectos, que incluso traballe nalgún para decatarse de se é o que quere. En realidade o que lle diría a calquera persoa co seu traballo é que lle ten que gustar o que fai, sempre.

Propostas para a mellora da actividade.

Por parte da administración vexo que non se preocupan dos proxectos locais. Hai unha invisibilidade importante por parte dos concellos que non apoian e non dan valor aos produtos que xeran as produtoras da súa zona. Por exemplo, dar paso ás novas xeracións nos mercados locais e facilitar a incorporación laboral, dar visibilidade aos proxectos presentes na zona e axudar a que prosperen.



CARLOTA/CHARLINE DUCOTTET

Verxel de Coiro e Fillas da Terra S.Coop Galega

Novás, Coiro

29 anos

O traballo de labrega é un traballo de gran compromiso político

Descrición do proxecto

- Idade do proxecto: 9 anos.
- Superficie: 2500 m² de horta, 450 m² de invernadoiro e 2000 m² de froiteiras, limón, pomelo, figueira, feixóns.
- Tipo de venda que se realiza: Clientes particulares, restauración, compra pública. Venda directa a particulares na finca e reparto na cidade. Venda a restaurantes.
- Número de persoas traballando: Cris, Carlota e Pepa (voluntaria desde hai 9 anos).
- Horas de traballo/día: 8 horas.

Vives só do traballo de labrega?

A nivel persoal si, é dicir, non teño outros ingresos, pero tamén vivo do soldo da miña parella porque só co meu ingreso de labrega non podo pagar todos os gastos.

Que te levou a traballar a terra?

Empecei coa idea de cultivar a terra hai máis ou menos 5 anos. Antes vivía en Francia e traballaba nun instituto de investigación sobre a agricultura e o medio ambiente (INRAE), en Bretaña. Neste equipo multiplicabamos

variedades campesiñas de cereais e faciamos un labor de promoción e investigación sobre agricultura ecolóxica e sementes campesiñas.

Foi nesta época que tiven a sorte de visitar moitas fincas e de coñecer a campesiños incríveis que me deron ganas de poñerme a cultivar pola miña conta. Grazas a esta experiencia, deime conta que o traballo labrego é un traballo moi bonito, imprescindible e moi pouco valorado hoxe en día. Apaixoneime por este mundo e quixen empezar a for-

marme. Para iso, fixen un ano de voluntariado en fincas en Francia coa plataforma de voluntariados “wwoof”. Axudei en fincas de cultivo ecolóxico de verduras e de plantas aromáticas e medicinais. Despois múdeme a Galiza porque a miña parella atopou un financiamento de tese na Universidade de Vigo.

Cando cheguei a Pontevedra, onde vivo actualmente, púxenme a buscar proxectos porque non me vía facendo outra cousa que dedicarme á agricultura agroecolóxica. Empecei a cultivar en setembro de 2021 en Domaio nun proxecto chamado “O Feitizal” con outra muller e con ela creamos, en 2022, unha cooperativa de traballo asociado chamada “Fillas da Terra”, na cal sigo como socia. Despois, ofreceume Cris a oportunidade de cultivar con ela no Verxel de Coiro e mudeime alí en agosto de 2023.

Que dificultades tiveche que afrontar por ser muller? E muller labrega?

Creo que a primeira dificultade que tiven foi a miña propia inseguridade. Non me vía capaz de cultivar soa porque parecía-me un traballo moi duro. Esta inseguridade prexudicoume un montón. Cando empecei a culti-

var en Domaio, viña moita xente opinar arredor do noso traballo. Eu críame todo o que dicían e cuestionábame todo o tempo. A xente pensaba que tiña algún xefe, que era a persoa que nos alugaba o terreo e moitas veces escoitaba comentarios como “onde está o teu xefe?” ou “o teu xefe doume permiso facer iso”.

Tes algún compromiso social e/ou político co teu traballo?

Gustárame moito ter algún pero de momento e máis complicado porque estou centrándome na rendibilidade económica do meu traballo, o que non me dá moito tempo para involucrar-me en outras cousas. Pero este verán cando tiña verdura que non podía vender, ía ao comedor social de Pontevedra para agasallala. Tamén agora con Cris, queremos traballar con colexios e asociacións para impartir talleres e visitas á horta.

De todos os xeitos, creo que o traballo de labrega é un traballo de gran compromiso político porque vivimos nunha sociedade onde non se valora a agricultura agroecolóxica e onde hai que pelexarse para poder vivir diso. Tamén estou involucrada nun proxecto en Cangas chamado “As Vimbias” onde queremos crear

una tenda cooperativa de produtos agroecolóxicos. Ademais, como produtora, estou implicada nun Sistema Participativo de Garantía chamado A Gavela, onde defendemos un sistema alternativo de certificación agroecolóxica da produción.

Que é para ti cultivar de xeito sustentable e respectuoso co medio ambiente?

Para min o primeiro é cultivar sen químicos, fomentando a biodiversidade vexetal (cultivada e salvaxe) e animal, e coidando do noso solo. A verdadeira agricultura é a agricultura que mellora o solo e non dana. Tamén vendemos todo na nosa contorna (máximo 25 quilómetros). Practicamos unha agricultura con pouca necesidade de combustible e con verdura fresca e de tempada que coida da saudade das persoas.

Cal é a parte máis bonita do teu traballo? E a máis dura?

A máis bonita é poder recoller o produto que sementache e plantache. Cando vexo a felicidade dos meus clientes que me mandan a miúdo fotos de pratos que cociñaron coas nosas verduras sintome moi orgullosa. Tamén estou moi feliz de poder vivir

cumprindo a miña vontade de cultivar a terra e, sobre todo, intentando mellorar a condición da labrega. Para min é moi bonito poder traballar en equipo e poder compartir con outras labregas e labregos.

En canto á máis dura, no meu caso, foi a parte económica cando comecei, porque é moi difícil traballar tantas horas, cun traballo moi físico, e ver que o teu soldo non chega a fin de mes. Moitas veces penso que non gaño o que me merezo e sinto moita inxustiza.

Logo, está a parte humana. A primeira experiencia que tiven cultivando acabou sendo moi dura porque por varias circunstancias alleas á miña vontade, estiven 8 meses soa con todo o traballo da horta e a responsabilidade da cooperativa, e sen ninguén recoñecemento, ao revés, con conflitos.

Que consello lle darías a unha muller que quixese vivir do cultivo da terra hoxe en día?

Primeiro, diríalle que experimente moito sen risco antes de empezar pola súa conta. Creo que empezar como traballadora é o mellor que se pode facer, porque podes aprender tendo un soldo seguro e sen ter moita responsabilidade. Tamén creo que

ter unha boa rede de persoas que che apoian e aconsellan é fundamental. Sempre somos máis fortes sendo varias.

Ademais, a localización do proxecto é moi importante. É mellor poder ter unha cidade moi cerca porque garante clientes e certa visibilidade. Creo que deberíamos poder ter un soldo

fixo sendo labregas e labregos, independentemente da nosa produción e das nosas vendas. É un traballo fundamental porque sen agricultores non comemos, así que a sociedade debería comprometerse máis con nós. Unha economía capitalista non é adecuada para protexer a agricultura agroecolóxica, nin ás labregas e aos labregos.





MÓNICA JALDA MIRANDA

A Gorgoriña. Casa Rural e produtos naturais das abellas

Lugar de Parada 42, Coiro, Cangas

47 anos

A parte máis dura do meu traballo é o problema da velutina

Descrición do proxecto

- Idade do proxecto: 10 anos traballando como abelleira non profesional e dende marzo do 2021 coa cabana turística, facendo rutas turísticas aos meus apiarios.
- Superficie: 5000 m². Superficie chea de castiñeiros, aguacates, laranxeiras, maceiras, pereiras, ameixeiras, figueiras, etc, convivindo coas abellas e coa casa rural.
- Número de colmeas: 30 colmeas.
- Tipo de venda que realizas: Venda directa de mel e produtos derivados das abellas e alugueiro turístico.
- Cantas persoas traballan? Soamente eu e a axuda esporádica do meu marido.
- Cantas horas ao día traballas? Traballo todo o día, é dicir 6 o 7 horas ao día. Un día á semana descanso. O día de descanso pode cambiar dependendo dos alugueiros turísticos e das vendas, é flexible.
- Como é a túa xornada laboral ao longo do ano? Nos meses estivais o traballo é maior, lóxicamente, porque as abellas traballan máis e a xente vén de vacacións á casa rural.

Vives só do teu traballo como labrega?

Estas dúas actividades -venta de mel e alugueiro turístico- conforman máis ou menos o 50% da economía familiar. Destas actividades pago o meu autónomo,

asesoría, impostos. O meu marido coa súa actividade conforma o outro 50% da economía familiar. No meu caso, consigo con esta actividade pagar autónomos e tamén ter un soldo propio. A nivel familiar o meu marido tamén

ten traballo autónomo e vivimos con dous soldos. Ademais, tratamos de duplicar anualmente as nosas colmeas para conseguir un número constante, xa que é moi doado que as colmeas morran. Na miña casa teño unha sala de extracción do mel, onde aproveito para a venda directa a particulares que se achegan.

Que te levou a traballar a terra?

Sempre me encantou a natureza. Teño terras da miña familia en Coiro, entón foi máis doado empezar al gún proxecto relacionado coa terra. En todo caso, dou prioridade á miña familia, á educación e á crianza das miñas fillas.

Que dificultades tiveche que afrontar por ser muller? E muller labrega?

A dificultade que tiveron foi o feito de traballar á vez que criaba ás miñas fillas. Ser nai, que non deixa de ser un traballo -e vaia traballo...!-, que debería estar remunerado. Coidar e educar ás miñas fillas é moita dedicación e quitache tempo para o teu proxecto.

Que é para ti cultivar de xeito sustentable e respectuoso co medio ambiente?

É cultivar sen químicos, claramente. Tamén crío galiñas e

polos para consumo familiar de ovos e carne. Cultivar todo no lugar de consumo tamén é cultivar de xeito sustentable. As nosas árbores non levan nada de sulfatos e sulfitos. Delas collemos froita ecolóxica chea de bechos, pero aproveitamos a parte que eles non estragan.

Cal é a parte máis bonita do teu traballo? E a máis dura?

A parte máis dura do meu traballo é o problema da velutina, que chegou hai 8 anos máis ou menos a Galiza e xera moitos problemas para as persoas apicultoras. Teño que usar arpas eléctricas para frear a velutina, senón é imposible, morren todas as abellas. Custa moitísimo manter as abellas, e moitas colmeas morren cada ano. Por iso criamos raíñas, para poder volver a crear colmeas cando morren. Ademais colaboramos activamente nos meses de marzo e abril no trameo da velutina para cazar cantas máis raíñas mellor, xa que estamos dentro dunha asociación, e tamén dou charlas e facemos reparto de material na parroquia á veciñanza.

Propostas para a mellora da actividade.

Que os dirixentes remunerasen ás nais ou aos pais que se quedan



nas casas para coidar dos futuros traballadores e traballadoras que levantarán o país, por exemplo, persoas que serán labregas, xardineiras, abelleiras, avogadas, albaneis, etc.

Para min a proposta máis importante é a educación dos fillos e das fillas. Temos que inculcarlles o valor que ten cultivar produtos “bos”. Eses valores de comida sa e de produtos “bos” deberían ensinarse nos colexios. Eu sempre

eduquei ás miñas fillas para que poidan valoralo, porque é fundamental. Os colexios deberían ter unha parceliña-granxa para que os nosos fillos se deran conta de que a froita non nace na froitería da esquina, e que criar galiñas, porcós e demais animais como debe ser, custa moito traballo e esforzo.



ESTELA CARIDE COSTAS

A tendiña de Estela

Meiro, Bueu

41 anos

O básico para o respecto a unha mesma é una alimentación sa

Descrición do proxecto

- Idade do proxecto: 15 anos.
- Superficie: 800 metros.
- Tipo de venda que se realiza: Vendo hortalizas de tempada, froita, flor, sementes, plantas, marmeladas, kombucha. Comecei con distintos mercados e vendendo gancho, pero hoxe en día só vou ao mercado de 4 Ponlas, en Pontevedra, o segundo e cuarto sábado do mes. Organízao unha asociación de produtores da zona de Pontevedra, que comezou hai uns nove anos. É a miña principal venda.
- Número de persoas traballando: Dúas, nai e filla.
- Horas de traballo/día: Dependendo da época, vai de 8 a 10 horas ao día.
- Como é a túa xornada laboral ao longo do ano? Dependendo da estación, en verán ou inverno vou á media mañá ata o mediodía e logo volvo despois de xantar ata a tardiña.

Vives só do traballo de labrega?

Non. Traballo tres horas á semana nunha Escola de Música dando clases de canto, de piano e de solfeo. Gustaríame que as clases me abrisen portas para poder vivir máis da música nun futuro.

Que economía te sustenta?

A horta principalmente: plantas, flores, marmeladas. E axúdame a

miña nai en todo momento. Depende da época do ano, o verán é máis produtivo que o inverno.

Que te levou a traballar a terra?

Con 3 anos diagnosticáronme leucemia e a miña nai, despois de mirar que todos os nenos estaban empeorando, decidiu levarme a un homeópata. Grazas á alimentación me que deu non fixo

falta darme toda a medicación de quimioterapia e demais medicamentos, e mellorei moito. Xa o dicían os análises de sangue que me facían todas as semanas, a diferencia doutros nenos, que non tiveran tanta sorte.

Viviamos en Vigo e iamos á casa da miña avoa a coller verduras e froita da súa horta. Sempre tiveron unha boa alimentación. Son vegana aínda, e se como algo de carne é da casa, e todo iso axudou a curarme. Co tempo decidimos comprar a finca para ter a nosa propia horta e, ademais de ter a nosa propia comida, vender os excedentes e derivados. Así comecei a ir a algúns mercados e vin que algo de economía sacaba, e que se diversificada os produtos podía vender sementes, flores, kombucha. Era moito mellor. Polo que agora teño moita diversidade na horta, non me centro nunha soa cousa. Aínda que a min o que máis me gusta son as flores, e se tivera que quedarme soa coa horta sería no que me centraría, porque dá menos traballo e gústame máis.

Que dificultades tiveche que afrontar por ser muller? E muller labrega?

A primeira dificultade, pero non por ser muller, foi que ao principio, cando a finca aínda non era

nosa, non puidemos plantar o que queríamos, e eran moitas discusións, ata que decidimos mercala e ser as nosas xefas. Hoxe os problemas veñen máis polos veciños e as xestións dos regos e uso da auga por parte da veciñanza.

Tes algún compromiso social e/ou político co teu traballo?

O mercado 4 Ponlas é unha loita polo consumo local e de quilómetro cero, para dar visibilidade aos pequenos produtores e produtoras e á alimentación saudable. Tamén estou involucrada no Sistema Participativo de Garantía (SPG) A Gavela, onde defendemos unha certificación agroecolóxica alternativo para os pequenos produtores da zona de Pontevedra.

Que é para ti cultivar de xeito sustentable e respectuoso co medio?

O básico para o respecto a unha mesma é una alimentación sa. Sálvache a vida e, polo tanto, hai que coidar do mesmo xeito o medio ambiente e a alimentación.

Cal é a parte máis bonita do teu traballo? E a máis dura?

A máis bonita é ver crecer o froito logo de tanta dedicación e cariño. A máis dura é a climatoloxía, a choiva que non che deixa traballar e logo parece todo una selva.



Que consello lle darías a unha muller que quixera vivir do cultivo da terra hoxe en día?

O primeiro é que lle ten que gustar moito, xa que é un traballo moi duro, e outro consello é que non o faga soa.

Propostas para a mellora da actividade.

Primeiro, e para min o máis importante, é que dende a administración facilitaran máis axudas para poder pagar a cota de autónoma cando hai perdas nos cultivos debido á climatoloxía. Estas perdas non se suplen por ningún lado.



CONCHA FERNÁNDEZ MÉNDEZ

Brántega (Agolada)

61 anos

As políticas son fundamentais, o intensivo non é viable a nivel medioambiental

Descrición do proxecto

- Idade do proxecto: 30 anos.
- Superficie: 58 ha.
- Número de vacas de carne: 68
- Tipo de venda que se realiza: Crío vacas en extensivo para carne e véndollas a un carnicero de confianza, a outras carnicerías e a Terneira Gallega Suprema.
- Número de persoas traballando: Unha persoa. Ás veces preciso apoio puntual para mover as vacas.
- Horas de traballo/día: Como muller que son, á parte das horas de traballo de fóra, tamén criei catro fillos, coidei dous sogros e un cuñado. Xa te imaxinas cantas horas traballei. Ademais de coidadora, na granxa relativamente poucas.

A granxa está dividida, unhas vacas están sempre fóra e logo, hai que meter aos becerros no cebadeiro e veñen as nais con eles. Esas nais quedan presas, despois en función dos becerros que teñamos, sácanse e xa non volven para a cuadra. Dormen alí de noite, así que mamen os becerros marchan para o prado, alí ao lado da casa. Logo limpo a cuadra. Isto fágoos entre as 9 e media e as 12 que remato. Pola tarde, estas vacas que saen pola mañá, hai que traelas. Elas son listas, moitas veces veñen soas. Se vai moita calor veñen antes e senón quedan máis tempo fóra. Iso lévame 10 minutos, pero logo sempre hai cousas que facer: dar un paseo, ver se pariu algunha vaca, ver que o cercado está ben colocado. Isto é o máis importante.

- Como é a túa xornada laboral ao longo do ano? En verán, pola tarde, moitas veces non traballo. En inverno ás veces hai que levarlles un bolo, pero o traballo da granxa queda feito pola mañá. Como moito botarlle algo de silo arredor das 19:00, que leva un cuarto de hora.

Vives só do traballo de labrega?

Pois outro non teño. Conseguiño, aínda que estou cabreada con alguén. O meu marido dedicábase a iso e ao monte, e viñemos vivir ao lado dos meus sogros. O meu sogro xubilouse, e foi cando a min non me deixaron censar, darme de alta, porque o meu marido era autónomo. Había unha lei de muller floreiro que non me deixaba darme de alta. Entón como non me deixaron perdéronse eses litros de leite do meu sogro, eles foron mercando leiras de pinos, e fomos xuntando terras e puxemos as primeiras vacas. O meu marido deuse de baixa na madeira e puidemos darnos os dous de alta na agraria, tivemos a titularidade compartida. Pero eu podía ter cotizados 5 ou 6 anos xa, e así teño menos, que iso deberíanmo ter en conta agora á hora de xubilarme. Eu intenteino pero non me deixaron.

Que te levou a traballar a Terra?

A vida, eu sempre traballei a terra. Tiña uns tíos solteiros que tiñan vacas e eu crieime na terra e na taberna. Máis adiante ao meu marido gustáballe ter vacas nas fincas, e fomos mercando pouco a pouco. Tivemos sorte que unha familia moi rica, que tiña unhas extensións moi gran-

des, tiñan unha filla fóra que non se quería quedar co proxecto e puxeron fincas á venda.

Que dificultades tiveche que afrontar por ser muller? E muller labrega?

A principal foi o feito de non poder darme de alta na agraria arredor do ano 1988. Ata 1994 non puiden darme de alta. Que por certo, eu estaba embarazada e non puiden cobrar a baixa.

Tes algún compromiso social e/ou político relacionado co teu traballo?

Agora mesmo non moito. Estou sindicada no Sindicato Labrego Galego. Gústame estar nas historias estas. Estiven nas mesas de censos do consello regulador de Ternera Gallega. Vou ás xornadas que se organizan. A nivel social fixen moito de taxista na comarca (riso). Estiven na directiva do club de Lalín de natación, fixen cursos da Federación de Natación e ía aos campionatos controlar os tempos. Tamén estiven moi vinculada no club de balonmán e nos deportes dos fillos.

Que é para ti traballar de xeito sustentable e respectuoso co medio ambiente?

Usar menos químicos posibles,

pesticidas, herbicidas, e sempre que sexa posible non usalos. Hai que coidar a vida dos que veñen detrás. Se rozamos o campo que comemos?

Xa se está vendo co cambio climático. Os nosos pais coidaron a terra para nós e nós temos que coidala para quen veña. Pero non é todo culpa nosa, veñen as políticas, vacas cantas máis teñas mellor, metidas nun cortello e veña penso e que dean leite. Páreceme que no intensivo estanse

pasando. Así estamos! Enfermidades, agora coa lingua azul...

Cal é a parte máis bonita do teu traballo? E a máis dura?

A min gústanme as vacas, pero o que máis me gusta é ir para a horta. Aínda que veña moi cabreada polo temporal, eu desconecto. Ademais ti decides o teu horario, o campo permíteche xestionar o temo. En canto á parte máis dura, quizais como muller é que ademais de ter un traballo fóra,



tes que traballar dentro. Síntome acompañada polo meu marido, el fai cousas na casa, pero o peso máis grande sempre o levo eu.

Que consello lle darías a unha muller que queira vivir do campo?

Pois que ten que ir para o campo e intentalo. Pero que vaia porque lle guste. A vida no campo ten as súas vantaxes e os seus inconvenientes. Por exemplo, ter fillos no campo require moito transporte, faltan servizo. Pero se vas con gusto, inténtao, saia o que saia, terás máis cartos ou menos, pero se che gusta vives contenta.

Propostas para a mellora da actividade.

O mellor sería que houbera máis xente para traballar e que o cam-

po dera o que ten que dar. O campo dá de comer, pero teñen que pagar o produto acorde co nivel de vida actual. Hai 30 anos non había os gastos que hai agora. Non había teléfono, internet, os seguros eran máis baratos, non había que facer todos os trámites burocráticos que se fan agora, e os becerros páganse igual.

As políticas son fundamentais, o intensivo non é viable a nivel medio ambiental. Teñen que incentivar máis ás que traballamos doutros xeito. Pero as consecuencias pagámolas todas. As subvencións están ben, pero estaría mellor que puideramos gañarnos a vida sen cobrar subvencións, senón marchamos todo o mundo, e veremos a ver quen come.



ROSA MARÍA COVELO ALONSO

Aloumiños da Terra

Ponteareas

45 anos

Tiña claro que eu quería traballar máis na horta que na política

Descrición do proxecto

- Idade do proxecto: 4 anos.
- Superficie: 3000 m² en total (cunha finca na casa e dúas máis sen auga noutro sitio onde se sementan patacas), pero a superficie cultivada é menor.
- Tipo de venda que se realiza: Venda a particulares a través do reparto a domicilio e feiras. Tamén, a algún restaurante.
- Número de persoas traballando: Unha agora dende o 2023. Tres persoas ao principio do proxecto.
- Hora de traballo/día: Traballei 14 horas ao día durante 4 anos (incluíndo sábado e domingo) porque tiña dous traballos. Agora na época de verán, levántome cedo, arredor das 6:30 ou 7:00 e traballo ata a 13:00h. Despois, volvo a traballar dende as 18:00 ou 19:00h ata as 21:00h. Antes, cando tiña dous traballos, ás 15:00h da tarde xa estaba na horta porque era cando tiña tempo. Pero iso é unha loucura! Agora intento facer máis descansos e ir máis ao ritmo do día.
- Como é a túa xornada laboral ao longo do ano? En inverno comezo coa luz e remato antes. En verán fago 6 horas ao día e reparto un día á semana. Fago a facturación ao día de reparto.

Vives só do traballo como labrega?

Agora mesmo é unha pequena axuda pero non me dá para vivir. Pero quero probar. Ata agora o que me daba o sustento era o meu outro traballo.

Que te levou a traballar a terra?

A miña formación é bioloxía, especializada en educación ambiental. Dediqueime a educación ambiental durante 20 anos. A educación ambiental gústame un

montón pero sentía que algo me faltaba. No ano 2018, souben dun curso de agricultura agroecolóxica e apunteime. Nese curso tiven moita conexión con dúas persoas chamadas Ernes e Carlos. Nese momento estaba dubidando que facer coa miña vida. Foi moi curioso porque un sábado que ía ao curso pensei que quería dedicarme a cultivar. Xusto ese día Ernes díxome que Carlos e ela tiñan un proxecto e propuxéronme sumarme. Rematamos o curso e empezamos a reunirnos. O primeiro día buscamos o nome da nosa empresa. Entendiamos que a agricultura é acariñar a terra e buscamos una palabra que englobase todo o que sentiamos. De alí xurdiu Aloumiños da Terra. Cada unha tiña un sitio onde cultivar. Alí empezamos. Fixemos feiras, Facebook, Instagram para darnos a coñecer.

Comezamos en outubro de 2018 na feira de outono en Ponteareas. Logo en 2020, Carlos deixouno. Despois estiven como conselleira de medio ambiente do BNG durante toda a lexislatura. A parte positiva é que tiña un sustento económico pero á vez tiña moi pouco tempo. Foron 4 anos moi duros a nivel físico e mental. Pero tiña claro que eu quería traballar máis na horta que na

política. Acabei o traballo político en xuño deste ano. Foi xusto o ano que no que a miña socia deixou e dubidei. Pero tiña unha espiña aí. Entón quixen probar e vivir só da horta e poder tamén descansar e non andar cos dous traballos.

Foi neste curso que empecei a notar que o meu espírito quedaba agradecido cando cultivaba na terra. Hai unha frase da miña parella que di: “cando vas o concello vas moi guapa, pero a túa cara e de agonía; cando vas na horta, vas moi sucia pero sorrindo”. A min dáme vida estar na terra. Non me dá cartos pero faime feliz.

Que dificultades tiveche que afrontar por ser muller? E muller labrega?

Ningunha por ser muller. O único que non me vexo capaz de coller o tractor e pido axuda da miña parella, e máis unha dificultade física. A miña parella apóiame ao 100%. Iso é moi importante porque o apoio da familia é fundamental. O difícil foi que os meus pais puideran aceptar que me facía feliz vivir do campo.

Que é para ti cultivar de xeito sustentable e respectuoso co medio ambiente?

Somos o que comemos e somos o que pensamos tamén. Creo que

se realmente queres coidar do teu corpo, non podes botar ningún produto químico á terra. Tamén significa quilómetro cero, quero dicir intentar o menor desprendemento de CO₂ na atmosfera

a maioría do traballo fágoo a man. Só teño un motocultor moi vello.

Son membro do SPG A Gavela porque apostamos por un modo de certificación alternativo. Porque o selo do CRAEGA non ten



no momento do reparto e no momento de cultivar. É como seguir unha política dunha economía circular, de proximidade, que o produto non madure nun camiión, que sexa da horta ata a túa casa. Non teño ningunha inversión feita a nivel de maquinaria agrícola,

sentido, porque non podes, por exemplo, recuperar as sementes dos teus avós. O meu produto é agroecolóxico. É unha venda en confianza, os clientes téñense que fiar. Por iso as portas da casa quedan abertas. Cando inauguramos Aloumiños da Terra,

fixemos unha festa grande aquí e todos os cliente viñeron a coñecer de onde saían os seus produtos. Podes vir en calquera momento, nunca te vas a atopar escondido un pesticida nin herbicida.

Cal é a parte máis bonita do teu traballo? E a máis dura?

Cando vexo que me crecen as cousas. Hai unha festa. Cando ves tamén a polinización, cando hai abellas facendo a súa función. Arrancar herbas é a parte mais difícil. De feito teño unha lesión nas dúas mans que cada vez vai a peor por arrancar herbas. Gústame tocar a terra. Intento facer permacultura e cubrir os bancais de herba. É moi laborioso.

Que consello lle darías a unha muller que quixese vivir do cultivo da terra hoxe en día?

En xeral, pero en particular pola agricultura, tes que ter paixón

porque senón non aguantas. Non deixes que comenten. Non pidas opinión á xente que non é agricultora porque todos van dicir que estás louca. E iso non axuda. Cando tes un proxecto de agricultura non é só importante saber cultivar, senón tamén ter a capacidade de facturar. Non soamente ten éxito a que teñen a mellor voz cantando, hai algo máis.

Sendo eu unha persoa insegura, o que me aporta máis gravidade é estar en contacto coa terra. Entón se podes estar descalza e que as túas dúas mans poidan estar apoiadas na terra, síntete dona do teu sustento, da túa terra, empoderada. Síntete co poder que realmente tes como muller para traballar a terra, para darlle ese aloumiño a túa terra. E que digan o que queiran! Tes que estar centrada e conectada coa terra. É algo espiritual tamén e de respecto polo medio.



ANA LANENSKI

Proxecto Yanua, na finca da Condesa

Ribeira, A Estrada

55 anos

A terra elixiume e eu aceptei a proposta

Descrición do proxecto

- Idade do proxecto: 10 anos.
- Superficie : 10 ha. Media hectárea de arando.
- Produción: Verxel. 800 plantas de arando, 14 variedades.
- Tipo de venda que se realiza: Modelo de autocolleita para clientes e distribución nun posto en Santiago. Antes certificaba en ecolóxico, pero non me compensa a nivel local.
- Número de persoas que traballan: 3.
- Hora de traballo/día: Ao día traballo media xornada aproximadamente. Pero se estivese eu soa no proxecto sería unha xornada e media de traballo o que requiriría a explotación.
- Como é a túa xornada laboral? En inverno facemos a limpeza, a poda e o plantado. E pouco a pouco, tanto en inverno como en verán, levamos adiante proxectos que están parados, por exemplo, eliminamos dúas hectáreas de eucaliptos e de maneira natural repoboouse de carballo. Atendemos a outras cuestións en relación ao cultivo, temos unha estación meteorolóxica que nos fai os gráficos de precipitacións, constatamos, por exemplo, a elevación da temperatura.

Contamos cunha década de datos e isto sérvenos para ver as variedades que plantamos. Agora mesmo estamos cambiando algunha que busca climas máis cálidos durante todo o ano. Entón a xornada é relativa en función da carga de traballo. Ás veces tamén recibimos estudantes de FP que están a tempo completo.

Vives só do traballo como labrega?

Non, compatibilizo o proxecto con outro traballo. Actualmente non chego a cubrir custes e, por

outra banda, non temos relevo para o proxecto polo que non aumentamos a plantación. Ademais xa non solicito a PAC, porque así

traballamos con total liberdade á hora de facer traballos de rexeneración do chan.

Que te levou a traballar a terra?

Foi a herdanza principalmente, esta finca estivo sempre na familia. Non é unha elección, a terra elixiume e aceptei a proposta.

Que dificultades tiveche que afrontar por ser muller? E muller labrega?

Aquí en Galiza non, non teño esa sensación de sufrir desigualdades por ser muller. Hai machismo, pero aquí é todo moi matriarcal, as mulleres sempre coidaron a terra. Sinto que hai un certo respecto, todo pode mellorarse, pero hai respecto, polo menos entre mulleres. Isto falando dende a miña proximidade. Nacín en Canadá, e vivín en Inglaterra e Estados Unidos. Alí tradicionalmente a agricultura está levada por homes. Alí a muller non está tan ben representada como aquí, dende a miña perspectiva de minifundio.

Tes algún compromiso social e/ou político co teu traballo?

Participei na creación da Asociación Berris Galicia. Dedícase á divulgación sobre o marabilloso que é o arando e serve para

apoiarse entre os produtores: buscar almacenistas, mercar embalaxes. É moi importante para os pequenos produtores. O minifundismo imposibilita que o volume de vendas sexa grande e estamos nunha situación vulnerable. Xógase con nós, non temos un prezo final. Ti entregas o produto e xa veremos que pasa. Ti tes custes fixos e non é xusto. Non hai unha circularidade, fai vulnerable ao agricultor, e dentro da cadea o intermediario protéxese cos prezos fronte ao mercado. O consumidor ten que pagar e protexer o chanzo máis baixo.

Que é para ti cultivar de xeito sustentable e respectuoso co medio?

Facer traballos de rexeneración do chan. No meu caso as froiteiras que había na finca estaban vellas e o solo recibiu moitos fitosanitarios. Algunha opción é plantar centeo, como un dos cultivos rexenerativos do chan, plantamos nabos e abono verde. Temos un pasto mixto con 8 a 10 tipos de herba. Temos burros, veñen rubias dos veciños a pacer. Isto tivo dúas consecuencias, como curiosidade, ese pasto, a comida do burro curoulle a pel, as feridas que tiña e as moscas marcharon. Isto é a clave da importancia da sostibilidade e da



circularidade dentro da agricultura e do impacto que pode ter: saúde animal. Volveron as ras. É un sinal da saúde da terra. Somos responsables da custodia do chan.

Cal é a parte máis bonita do teu traballo? E a máis dura?

Estar fóra, coas plantas, nun clima privilexiado, aquí en Galiza. Temos bo equilibrio entre calor, frío e auga. Temos un verxel natural. A parte máis dura é atopar unha sostibilidade económica. A conciencia ecolóxica témola porque temos o coñecemento, pero os mercados non son compatibles co minifundio, que che esixe moito volume con pouca marxe.

Que consello lle darías a unha muller que queira vivir do cultivo da terra?

Facelo, sempre hai un oco no mercado para un produto de calidade. Está subindo a concienciación da xente de cara a mercar produto

de calidade e saudable. O campo sempre nos vai dar comida. E a conexión coa terra xa che alimenta. É saudable o simple feito de estar.

Propostas para a mellora da actividade.

A administración debería recoller datos meteorolóxicos. Imos ter que ir cambiando os tipos de produción. A administración non valora as implicacións das hortas e hai que custodiar a terra. Teríamos que pelexar máis. Se fixeramos todos folga mañá, obrigariamos a cambiar as cousas. Falta solidariedade, a xente non ten tempo e ten medo. Vimos de dúas ditaduras, monárquica e militar, non temos costume de loitar de maneira cooperativa. Solidarizarnos e crer en nós. En Francia vemos estes exemplos. Precisamos cooperativismo e creatividade para atraer a xente. Diversificar e incorporar formacións e colaboracións.



CELIA COUCEIRO
Gandería Couceiro
San Xurxo de Veá (A Estrada)
60 anos

Todo o mundo que puidera debería ter as vacas en liberdade

Descrición do proxecto

- Idade do proxecto: 35 anos, aínda que vacas na casa houbo toda a vida.
- Superficie: 10-15 hectáreas.
- Número de vacas de leite: 20.
- Tipo de venda que realizas: Xestión a recollida da cooperativa da que formo parte.
- Número de persoas traballando: Principalmente eu.
- Horas de traballo/día: Normalmente levántome antes das 7:00 da mañá e ás 9:30 vou para a casa a facer as cousas e, dependendo do día, ás 17:00 volvo para a corte para atender as vacas ata as 21:00 da noite. Despois está o traballo da casa. Aí ven o problema de compaxinar! Os homes axudan, sempre botan unha man, pero o traballo da casa recae en min, dende logo. Se puidera estar só coas vacas era outra cousa.
- Como é a túa xornada laboral ao longo do ano?: Non hai moita diferenza, salvo momentos puntuais con algo máis de traballo, como á hora de sementar o millo. As vacas comen do que eu semento, á parte do penso. Nós seguimos indo á herba, case non queda ninguén que faga iso, pero empacámola, sementamos o millo, abonamos as veigas. Eses momentos requiren máis horas.

Vives só do teu traballo de labrega?

Sempre me dediquei só a isto. Nalgún momento houbo que facer algún outro traballo porque non chegaba, pero agora estou só coa granxa. Houbo épocas nas

que o leite non valía nada e non daba para gastos. Por iso había que tirar doutras cousas, da pensión dos maiores da casa ou do soldo do home. Agora mesmo non é que dea moito, pero vou tirando.

Tamén collín algunha vaca máis e sempre repercute algo máis. E despois teño tres vacas de carne, en miras de deixar o leite e vender algún becerro de vez en cando.

Que te levou a traballar a terra?

Eu traballei na terra toda a vida. Realmente, se che falo daqueles anos nos que tiña 12 ou 13 anos non era a miña idea quedarme coidando da terra. Tiñamos 5 vacas e non vías unha saída aí. Pero por circunstancias da vida quedei. Na casa había tres persoas maiores, meu pai faleceu e había esta cousa de que tiñamos que axudar a coidar as persoas maiores. A miña idea era estudar, pero pola situación quedei. O das vacas sempre me gustou, pero ser foi un pouco condicionado.

Que dificultades tiveche que afrontar por ser muller? E muller labrega?

A primeira dificultade como muller foi esa carga, tamén había homes pero tocoume quedar a min. Estamos falando de tempos pasados, e aínda que quedara coas vacas non puiden facer o que me gustaría daquela.

Tes algún compromiso social e/ou político relacionado co teu traballo?

A min encántame ir a xornadas e congresos e escoitar sobre temas de interese. Por outra banda, creamos unha asociación de mulleres. Cando empezamos era unha marabilla, eramos case cen socias, faciamos cursos e excursións.

Que é para ti cultivar de xeito sustentable e respectuoso co medio ambiente?

Rinse de min, e se cadra teñen razón, pero digo eu, eu vou ver as vacas, esas vacas están tristes, se sempre teñen o mesmo menú, que ao mellor non é significativo, pero se lle botas herba, cómena antes de todo, póñaslle o que lle poñas. A herba comérona toda a vida e é o primeiro que queren comer. Eu téño así montado e non o vou cambiar para o que me queda. As vacas van para fóra e gozan.

Cal é a parte máis bonita do teu traballo? E a máis dura?

A liberdade que teño, que non dependo de ninguén. A liberdade é relativa, pero hai cousas que se un día non as fas non pasa nada. O contacto coa natureza é unha forma de vida moi agradecida. O máis duro para min é que as vacas non estean sas. Ademais como son poucas, quereslle, non é como se tivera todo masificado.



Iso é o máis duro para min, cando veñen porque teñen que sacrificarlas. É moi doloroso.

Que consello lle darías a algunha muller que quixera vivir do cultivo da terra hoxe en día?

Eu sigo á antiga e non sirvo para asesorar, pero todo o mundo que puidera debería ter as vacas en liberdade, non encerradas 24 horas.

Propostas para a mellora da actividade.

O sector non está ben, non hai terras. Agora temos plantacións de

viña, se plantan viña quedarei sen terra. Pero aínda que non tivera vacas estaría en contra da viña, penso que deberíamos ter o que houbo toda a vida: millo, patacas. Pero o que propuxeron é ocupar todas as terras de viña, á conta de que che boten químicos á porta da casa, herbicida, insecticida. Tamén está o tema dos eólicos, que xeran moitísimo ruído. Danos paus por todos os lados.



MARÍA BELÉN FERVENZA COUÑAGO

A Horta de Cadaval

Redondela

50 anos

Como muller labrega a maior dificultade é a desvalorización social do noso oficio

Descrición do proxecto

- Idade do proxecto: 19 anos (dende o ano 2004).
- Superficie: 2.200 m² de cultivos de horta, froita e flor ao aire libre e 200 m² de invernadoiro.
- Tipo de venda que se realiza: Venda directa de hortalizas de tempada, froitas, pan de masa nai e, no último ano, flores. Principalmente vendemos a meirande parte da nosa produción no Mercado de 4 Pontas en Pontevedra, e facemos tamén cestas a particulares, en menor cantidade, un día á semana.
- Número de persoas traballando: Dúas, Belén e Xacobe.
- Hora de traballo/día: Depende moito da tempada e do tempo de conciliación familiar. Hai días de inverno no que a xornada pode ser de 4 horas e, en verán, de 8 ou 10 horas.
- Como é a túa xornada laboral ao longo do ano? A miña xornada laboral varía en función dos días da semana, das estacións e da climatoloxía. Pola semana podemos traballar 3 ou 4 horas diarias en inverno, principalmente polas mañás, aínda que hai días que non imos á horta, xa que estamos ocupadas con talleres, xornadas e outros proxectos nos que participamos ademais da crianza. Os venres, día de preparación de mercado, adoitamos traballar máis horas, ata 8, en función da colleita e das elaboracións que teñamos que facer.

En canto os días son máis longos, as nosas xornadas laborais diarias aumentan coa luz, podendo traballar máis horas os días que nos achegamos á horta, de 6 a 8 horas ata a primavera, verán e principios de outono. Aquí é cando as xornadas son máis longas e hai máis carga de traballo.

Vives só do traballo como labrega?

Non, apoiámonos con outros proxectos. Impartimos cursos, charlas e formación de agricultura ecolóxica na Universidade, para organizacións, asociacións, particulares, centros educativos e participamos en proxectos de asesoramento de creación de hortas escolares con Amigos da Terra.

Que economía é a que te sustenta?

A venda no mercado de 4 Ponlas da nosa produción e a participación en proxectos educativos e formativos arredor da horta.

Que te levou a traballar a terra?

O máis importante penso que foi a miña infancia. Fun unha nena criada nunha familia rural, onde se cultivou sempre. Fun capaz de percibir que ese mundo ía desaparecendo a medida que eu medraba, xa que nos afastabamos dese xeito de vida. Estudei bioloxía e no último ano de carreira tiven a oportunidade de asistir a unha charla onde, por primeira vez, escoitei mencionar o concepto de agricultura ecolóxica.

Dende que rematei a carreira estiven vinculada ao ecoloxismo, e foi dende aí, sendo socia de Amigos da Terra e traballando na educación ambiental, cando comezamos a movernos máis no

ámbito da alimentación e coidado da saúde e do medio ambiente. En Cataluña fixemos un curso de horta ecolóxica, no proxecto “El Vergel de las Hadas”, que nos marcou profundamente. Tamén visitamos máis fincas e proxectos de horta ecolóxica da zona do Maresme, plantas de compostaxe e tamén un forno onde elaboraban pan ecolóxico. Todo o movemento arredor da agricultura ecolóxica ía atrapándonos cada vez máis, empezaba a nacer en min a posibilidade de unir eses dous mundos que, dende sempre, me apaixonaron: o ecoloxismo e o mundo rural.

Tras as xornadas de agricultura ecolóxica en Galiza que, xunto con Amigos da Terra, organizamos en Corcerizas (Serra de San Mamede), onde reunimos a mulleres do Sindicato Labrego Galego, como Lidia Senra, Pura Seoane, Carme Freire; a produtores ecolóxicos como Pilar e Eloi da Limia, Charo de Laza, Manuel de Labregos de Daiquí e Xavier Simón, do Departamento de Economía Aplicada da Universidade de Vigo, decidimos iniciar o noso propio proxecto, no outono do ano 2004, en Reboreda, nas terras da miña avoa e agora da miña nai. O amor á natureza e ao mundo rural sempre estiveron moi presentes en min.

Que dificultades tiveche que afrontar por ser muller? E muller labrega?

No meu caso, como muller, non percibín unha dificultade maior á hora de traballar o campo. A

o que supuxo unha diminución económica importante e tamén anímica. Percibín, na miña propia pel, o pouco valor social que se lle dá a que unha muller asuma os coidados e a crianza dun



dificultade aparece cando elixo ser nai, algo que, por bioloxía, só podemos facer as mulleres.

A maternidade é o meu xeito de entender a crianza con apego que eu precisaba facer. Foi o momento máis complicado tanto a nivel emocional como a nivel económico, xa que nese período non puiden dedicarme á horta como antes. Tivemos que reducir superficie de traballo,

xeito máis natural e orgánicos, respectando os tempos nos que eses nenos te precisan, tempos que nós tamén precisamos, que en moitos casos, van máis alá dos tres meses de baixa por maternidade. É un traballo invisible, intanxible e nada valorado, xa que falamos en termos de sentirse realizada como muller cando se incorpora ao mundo laboral, non cando asume os coidados. É

unha opción que supón, nalgúns casos, confrontación, xa que hai mulleres que cuestionan o teu xeito de criar porque se senten atacadas, porque non fas o que todas teñen feito, querendo ou non, por cuestións económicas.

Como muller labrega a maior dificultade é a desvalorización social do noso oficio, ao que se lle asumen moitos clichés, que aínda están presentes na nosa sociedade, algo que, pouco a pouco, é grazas ao traballo de moitas organizacións imos derribando, pero queda moito por recoñecer.

Tes algún compromiso social ou político co teu traballo?

Sempre fun moi activista polas causas nas que creo, polo medio ambiente, polo rural, pola soberanía alimentaria. Por citar algúns: Sindicato Labrego Galego, Amigos da Terra, Asociación 4 Ponlas, Comunidade de Montes da miña parroquia, etc.

Que é para ti cultivar de xeito sustentable e respectuoso co medio ambiente?

É coidado, autocoidado, responsabilidade e coherencia co meu xeito de entender a vida e o que fago. É aprendizaxe e o meu gran de area para mellorar este mundo e o dos seres vivos que habitan

nel. Non podo atender a outro xeito de relacionarme coa vida.

Cal é a parte máis bonita do teu traballo? E a máis dura?

A parte que máis me gusta da horta é plantar, deseñar, cultivar, meter as mans na terra, todo o que ten que ver co ciclo das plantas e o seu cultivo. Tamén me gusta a parte de divulgación da agricultura ecolóxica, as formacións, as charlas, as visitas á horta, dar a coñecer o meu proxecto. Gústame ser o meu propio xefe, decidir a miña xornada laboral, cando e como traballar, poder conciliar a vida laboral e a familiar.

A parte máis dura é a inestabilidade na produción, xa que non sempre podes controlar todos os factores, como o clima. Non sempre por plantar consegues os resultados que desexas. Hai moitos factores que inflúen no noso traballo e que varían moito de ano en ano cos que temos que aprender a convivir, pero non sempre é doado. Esta inestabilidade na produción tradúcese en inestabilidade económica moitas veces.

Que consello lle darías a unha muller que quixese vivir do cultivo da terra hoxe en día?

Que antes de dar o primeiro paso de lanzarse, que se forme, que

visite proxectos, que colabore na medida que poida con algún proxecto, para entender ou facerse unha idea de cara a onde vai chegar. E que probe. Que comece de menos a máis, porque está traballando coa vida, e non sempre saen as contas. Entón para min o primeiro paso é ter unha horta, pequena ou máis grande, achegarse á terra e dende aí lanzarse. Agora mesmo podes acceder a moitísima información, proxectos, mercados, e penso que o feito de non sentirse soa é moi importante, compartir experiencia con outras persoas que se dedican ao mesmo é fundamental.

Propostas para a mellora da actividade.

Gustaríame atopar máis facilidades á hora de achegar a miña produción aos puntos de venda, que houbera máis persoas que apostasen por consumir os nosos produtos e maior recoñecemento do noso labor por parte da administración pública e da cidadanía. Precisamos axudas económicas axeitadas á realidade de cada proxecto, non axudas tipo as que, en moitas ocasións, non podemos acceder xa que responden a un modelo produtivo que non é o noso.

Eu desexo que a miña produción, agroecolóxica e local, e a das persoas que coma min deciden apostar por esta produción, chegue a máis persoas, que estea presente nas mesas daquelas que máis o precisen, non que se transforme nun produto de elite que só o poidan consumir uns poucos. Ese non é o meu modelo.



NEREA ABENGOZA

Carochinha flores

Soutomaior

30 anos

As flores son importantes para que funcione un ecosistema

Descrición do proxecto

- Idade do proxecto: 3 anos (dende agosto 2020).
- Localización: Soutomaior.
- Tipo de venda que se realiza: Floristas e particulares, ramos de agasalho para eventos especiais, ramos de noiva, flores para o cemiterio, etc.
- Número de persoas traballando: Unha. Nalgunha ocasión axuda puntual (una vez ao mes, máis o menos, para mover algunha cousa pesada).
- Horas de traballo/día: 60 horas semanais porque teño dous traballos. Luns e mércores traballo na finca. Xoves e venres corto flores e estou traballando na florería. Sábado e domingo acabo co traballo pendente.
- Como é a túa xornada laboral? Os meses de decembro e xaneiro teño as seguintes tarefas: planificar a tempada, mercar sementes, poñer obxectivos, buscar novos clientes, buscar información, facer mantemento de cerres, rego. Entre febreiro e maio, na alta tempada: preparar a terra, comprobar que o rego funciona, transplantar, facer esgallos, rozar, sementar as flores. No verán hai que plantar, transplantar algún cultivo, secar flores e froitos, recoller sementes. No outono, sementar as anuais resistentes, plantar bulbos, poñer os bancais ao punto coa cobertura vexetal.

Vives só do traballo como labrega?

Non. Cando comecei non tiña cartos para realizar o proxecto. Tiven que buscar un traballo para poder pagar os gastos, ofrecéronme traballo na florería para

colaborar na fin de semana. Gústame porque podo adaptarme entre traballar na finca e na florería. Pero a miña idea é vivir só do cultivo das flores. Estou no proceso.

Que te levou a traballar a terra?

Tiña esta idea romántica do campo que che dá paz e pensei que me gustaría vivir sen atascos nin discusións co xefe. Despois da carreira de publicidade que fixen, quería ir ao monte. Mentres estudaba a carreira, traballaba na florería da miña familia para conseguir diñeiro. Acabei a carreira e comecei a traballar do que estudei e botei de menos as flores.

Fixen un curso de agricultura en Montecelo, de feito, non querían que o fixese porque tiña estudos. Tiven que convencer ao director que pensaba que ía perder o meu tempo. Ao final fíxeno, aprendín unha chea e fixen prácticas nunha empresa que produce flores en Pontevedra. Logo traballei nun viveiro de flores. Estiven dende pequena en contacto coas flores e creime no campo en Soutomaior.

Que dificultades tiveche que afrontar por ser muller? E muller labrega?

A finca que cultivo é da miña familia. Os homes colaboraban moito en vendimar e eu de pequena quería colaborar pero sempre me dixeron que non facía falta que o fixera porque me ía facer dano. Cando comecei en 2020, era a miña primeira experiencia

no campo. As persoas cando visitan a finca adoitan preguntar de quen é, e cando digo que son eu a que cultiva non o cren. Dinme que é imposible. Sempre preguntan: “quen che axuda, a túa parella ou o teu pai?”. A xente dime que vou queimarme co sol, que vou facerme dano. O outro día viñeron a arranxar o tellado e dixeron: “por que deixas a esta rapaciña soa traballando aí tan duro?”

Tes algún compromiso social e/ou político co teu traballo?

Dende un comezo quería que o meu proxecto tivese un impacto social. Ao principio, quería dar unha parte das miñas vendas a unha iniciativa social, pero como ingreso moi pouco non puiden facelo. A idea é colaborar de forma non económica, con algún tipo de curso o formación, con persoas en risco de discriminación. Os valores do meu proxecto van nese camiño. Tamén intentamos facer equipo coas floricultoras de Galiza. Non hai rivalidade nin competición. A idea é comprar en conxunto. Máis alá do ecolóxico, podes tomar decisións máis beneficiosas para a terra. Por exemplo, xa non paso o tractor, fago todo manual e non aro a terra. A idea é aproximarme ao mellor que podó facer,



intentando camiñar cara a agricultura rexenerativa.

Que é para ti cultivar de xeito sustentable e respectuoso co medio ambiente?

Primeiro, non mirar o chan como

un soporte. Moitas solucións aos nosos problemas están na saúde da terra. Hai que coidar o chan. A miña intención non é botar o que sexa necesario para producir moito. Abono con esterco de cabalo, compostaxe, humus

de miñoca. Inspírome moito na agricultura natural coreana porque traballan moito con preparacións fermentadas. Intento cultivar a microbioloxía para que a materia orgánica poida chegar.

Cal é a parte máis bonita do teu traballo? E a máis dura?

A máis bonita é ver toda a vida que hai. No imaxinario colectivo existe esta idea de que a flor é un obxecto de luxo ou un cultivo superficial, pero realmente as flores son importantes para que funcione un ecosistema. É increíble ver os paxaros, abellas, avespas que veñen. Noto unha mellora da biodiversidade na finca. A parte máis dura son os sacrificios que hai que facer para conseguir pequenos logros. Cando comezas, ninguén conta que para emprender precisas cartos, ou que non é moi sostible vivir só dun traballo.

Que consello lle darías a unha muller que quixese vivir do cultivo da terra hoxe en día?

Está ben ter unha idea romántica, pero antes de emprender hai que ter contacto co mundo real facendo practicas. Tes que facer

un balance económico. Podes buscar persoas afíns para preguntar, construír unha rede que poida ensinarche cousas. Tes que poñer límites ante as cousas que estás disposta a facer, por exemplo, en canto aos cartos que invertas. Non hai que tomar decisións impulsivas. Recomendo tamén comezar dende o pequeno ata o grande.

Propostas para a mellora da actividade.

Dende o meu punto de vista, hai varios proxectos e fundacións para axudar a emprender, o que falta son axudas especializadas no sector agrario. Máis financiamento tamén estaría xenial.

Souben hai pouco tempo da existencia do banco de terras da Xunta e sería útil que persoas que teñan terras sen utilizar poidan anunciálo para que se poidan cultivar. Fan falta máis redes quizais e mellorar o prestixio do rural. Moita xente non olla a terra como unha saída. É necesario mellorar as condicións de vida no campo porque agora mesmo hai moi poucas persoas que queiran dedicarse a isto.



CECILIA PORTELO

Tomiño

45 anos

Vexo necesarias axudas específicas ao sector a partir dos 40 anos, incluso axudas á contratación

Descrición do proxecto

- Idade do proxecto: 3 anos.
- Superficie: 1 ha e 200 m.
- Número plantas: 730.
- Tipo de venda que realizas: Vendo a unha empresa 11.000 kg, o dobre cando dan as 400 plantas que veño de cultivar.
- Número de persoas traballando: Eu, con axuda do meu pai. Na recolleita axúdanme amigos e familiares, somos arredor de 15 persoas.
- Horas de traballo/día: Varía en función do que toque facer no proxecto. O kiwi principalmente ten os traballos da poda, do atado, da recollida. Entón, nesas épocas, dedícome por completo aos kiwis. En xeral, un día si un día non, teño que ir ata a plantación. O proxecto require arredor de 8 horas de traballo diario.

Meu pai é quen me axuda, hai que facer os controis e abonar un día si un día non. Na recollida, que dura entre dous ou tres días, a xornada completa. A idea é contratar a alguén para poder compatibilizar esas 8 ou 9 horas que require sen depender de axuda.

▸ Como é a túa xornada laboral ao longo do ano? Como dicía, no kiwi o traballo vai por épocas. Por exemplo, en marzo é a poda e son 15-20 días dedicados só a iso, despois outros 15-20 días toca atar as plantas. Logo depende do clima e da floración. Tamén o enxeñeiro marca a recollida en función do azucre que ten a froita. E tamén dependemos da dispoñibilidade dos camións da empresa que nos recolle o kiwi.

Vives só do teu traballo de labrega?

Non, compatibilizo o meu tra-

ballo co de arquitecta. A miña

idea é contratar a alguén que me

bote unha man, pero por agora o proxecto dá para cubrir gastos. Cómprannos o kiwi en novembro e páganos en xuño.

Que te levou a traballar a Terra?

Principalmente a miña situación familiar. Agora son nai e ademais sempre vin que meu pai diversificaba a súa actividade económica. El tamén era delineante e tiña kiwis na casa, que eran un complemento económico. Eu fixen o mesmo.

Tiven a sorte de ter as plantas aí e arrisqueime a ocuparme delas e a ampliar a plantación.

O campo gústame, o ordenador cánsame moito, é máis aburrido. Ademais, levo o coñecemento do rural ao eido da arquitectura. Por exemplo, á hora de mellorar as vivendas con sistemas de mellora do aire ou de arrefriamento. A través dunha tese que fixen en Porto sobre vivendas das cidades habitadas por labregos que emigraran, deime conta de que este traballo axúdame a integrar moitas das lóxicas positivas que ten o rural no urbano.

O rural ten moito que aportar á cidade. Nas cidades somos cada vez máis individualistas e no rural utilízase o espazo doutra maneira e isto pódese traducir en melloras na cidade.

Que dificultades tiveche que afrontar por ser muller? E muller labrega?

Máis que por ser muller, pola idade. A dificultade principal foi que comecei con 42 anos e pretendía facer un pozo, porque dependo da auga comunal. Un aseo que me piden os de ecolóxico. E as axudas que hai son para menores de 40 anos. A única axuda que conseguín foi a través do Sindicato Labrego Galego para abonar as cotas do CRAEGA. Despois valorarei se podo diversificar a venda do kiwi, pero actualmente non noto ningunha dificultade, quizais porque a produción é pequeniña e aínda non arranquei de todo.

Tes algún compromiso social e/ou político relacionado con teu traballo?

Non específico, eu penso que o traballo no campo é algo positivo, tanto a nivel persoal como social. O propio abandono do campo é prexudicial.

Que é para ti cultivar de xeito sustentable e respectuoso co medio ambiente?

Escollín o cultivo sostible porque o futuro tira por aí. Iso espero, porque os alimentos son máis saudables. Aínda que me supoña un gasto maior, porque cortar a



herba supón máis custos, así como os abonos, que son especiais, non podo abonar con calquera cousa. Pola miña zona existe moito químico no solo que afecta á saúde. O futuro pasa por unha produción agroecolóxica. Certo é que estou mirando se compensa a nivel económico, xa que é primeira produción en ecolóxico que fago. Espero que o esforzo compense.

Cal é a parte máis bonita do teu traballo? E a máis dura?

A parte máis bonita deste traballo é pasar tempo co meu pai, el sempre foi un traballador nato e de pequena non o desfrutei todo o que quixera. Aínda que discutimos moito, é o máis bonito. O segundo máis bonito é ver que as plantas florecen, que dan froito. Que o esforzo que fas merece a pena. En canto á máis dura: o traballo, ter medo do clima, a xeadas. Eu vin aos meus pais moitas veces chorar polas perdas.

O campo é moi romántico, pero é moito traballo. É complicado. Ás veces, durante o atado, estás 15 días mirando cara a arriba, acabas fatal das cervicais, e iso que eu son aínda nova, pero é moito traballo.

Que consello lle darías a algunha muller que quixera vivir do cultivo da terra hoxe en día?

Que se anime, hai que arriscarse na vida. Pero ten que gustarche algo, porque é un traballo duro. E se ten menos de 40 anos que o faga xa, non coma min que non puiden. Que se animen porque o futuro é o campo, hai necesidade de cultivar.

Propostas para a mellora da actividade.

Vexo necesarias axudas específicas ao sector a partir dos 40 anos, incluso á contratación. A min gustaríame ter a alguén que me axude para poder compatibilizar. Tamén fan falta axudas para inversións, formación, agrupacións de cooperativas ou iniciativas que fomenten a colaboración. A administración non se dá conta do necesaria que é a actividade no campo. Por outra banda, o mercado está moi concentrado, e é preciso o asociacionismo para poder ter mellores opcións de venda.



MERCEDES ALONSO LORENZO

Granxa O Agro

Cerdedo, Cotobade (Viascón)

59 anos

A miña avoa sempre me axudou, entón tiña esa liberdade de estar ao seu lado

Descrición do proxecto

- Idade do proxecto: As vacas xa as tiña meu avó, pero eu dende o 2002.
- Superficie: 22 ha.
- Número de vacas de carne: Nais 87 // nodrizas 27 de rubia galega cruce (Ternera Gallega) e 12 limiagás (Boaga).
- Tipo de venda que realizas: Case todo vai á poxa en Silleda.
- Número de persoas traballando: O meu fillo e mais eu, pero a miña nai tamén axuda, sempre me axudou, con 84 anos.
- Horas de traballo/día: Moitas porque hai moito que facer: pasto, herba, patacas. Levántaste cedo, dende as 6:30h e o fillo aínda á 1:00 ou 2:00h da mañá enrolando.
- Como é a túa xornada laboral ao longo do ano? En verán, de sol a sol, por iso non me gusta o verán. En inverno son as vacacións. Ás 19:00h é noite e para casa.

Vives só do teu traballo de labrega?

Si, dende o 2002. Aquí non entra ningún soldo máis que o que entra da granxa. Tiven a gran sorte de que no FOGGA en Pontevedra asesoráronme moi ben, daquela non había ordenadores, podía falar cara a cara coas persoas. A miña foi a primeira granxa que realizaba unha incorporación a partir de cero. Como a única

maneira na que podes conseguir algo é comezar dende cero coa granxa, un venres firmei uns papeis en branco porque remataba o prazo o luns, e sacáronme todo o rendemento ao máximo que puideron.

Ao non ter que comprar o gando e a maquinaria toda, puiden estabilizarme. Ademais estou en Ternera Gallega, aínda que temos

moitas inspeccións, sube moito o prezo final, e máis en poxa.

Que te levou a traballar a terra?

A min sempre me gustou. As vacas dan moito traballo, sempre tiveron a ilusión de ter galiñas, que dan menos traballo, e traballar a terra. Pero había vacas na casa e ofrecéronme quedarme con elas. Ademais así podía quedarme coa miña avoa. Así teño outra liberdade. Ela limpábame as cortes, colgábame a roupa, facíame as patacas. Sempre me axudou, entón tiña esa liberdade de estar ao seu lado.

Que dificultades tiveche que afrontar por ser muller? E muller labrega?

Ao contrario, ser muller facilitoume o traballo. A calquera hora, nos papeis principalmente, ser muller facilitoume. Aínda que ao meu marido, que se criou no centro de Pontevedra, gustaría-lle que vendera todo, pero miña avoa e o fillo axudábanme moito, e os veciños, que son moi bos todos, axúdanme tamén. Danme patacas, pan, déixanme cousas para que lle dea ás vacas. Como labrega, cando as nenas eran pequenas, escoitabas algo así como que os que están coas vacas son os parvos. Pero hoxe non, hoxe

son os listos, a miña neta pola comuñón pediu galiñas, pero das caras, ten un criadeiro. E a outra de 11 anos, polo aniversario pediu unha vaca de leite, e un amigo de Lalín regaloulle unha branca de leite para que poida muxir. Pero certo é que os nenos si teñen esa dificultade, métese con eles porque o pai é gandeiro, míranos por debaixo. Nós non temos moitos luxos, pero é unha profesión coma outra calquera. Temos outra liberdade.

Tes algún compromiso social e/ou político relacionado co teu traballo?

Afiliada do SLG, de toda a vida. Son afiliada non só de nome, son de fondo. Hai que ser responsable coas accións. Sempre se saca algo en limpo das reunións e das xornadas. Somos unha familia porque a todos nos gusta a terra e os animais. Aprendes moito. É moi bonito.

Que é para ti cultivar de xeito sustentable e respectuoso co medio ambiente?

Aquí temos moitos comareiros/muros de pedra, temos que limpalo a man, non se pode botar herbicida. Xa me chaman a da desbrozadora, reláxame. Remato nunha finca e teño que empezar

noutra. Procuro non botar nada, e protexer o medio ambiente. Paréceme moi moi importante. Intentamos ter boas prácticas agrícolas, coidamos de onde se botan os xurros, queimar o me-

Incluso cando é unha cesárea. Teño dúas para parir, cando hai algunha complicación levántome de noite, as dúas da mañá a ver que todo está ben. Dinme, “non che da pena matalos?”. Dame



nos posible, os aceites levalos ao punto limpo. É moi importante protexer o medio ambiente.

Cal é a parte máis bonita do teu traballo? E a máis dura?

A parte máis bonita é cando paren as vacas e sae todo ben. Os partos dos animais é o máis bonito, a vida dos animais cando nacen.

pena se me morren, pero vivo deles. A peor parte é cando morren os animais. Hai dous anos houbo moitas mortes, e estiveron a punto de abandonar todo. Iso é horroso. A vida é o máis alegre e a morte é o máis triste.

O traballo non me importa, se hai que traballar, trabállase. Decía miña nai: “mollarte móllas-

te unha vez soa, unha vez estás mollada xa está, traballas igual”. A min encántame mollarme, ao chegar a casa ducha quente e roupa limpa e andando.

O problema principal é que non temos terra. Non podemos deixar nada para sega e ensilar porque non hai terra. Aquí só pasto. O noso concello, Viascón, é o que máis hectáreas de monte ten, e non hai terra agraria. Antes, as fincas que agora teñen eucalipto eran de pasto. No pobo, granxas somos 3 veciños, e non podería vir máis xente, porque non hai terra.

Que consello lle darías a algunha muller que quixera vivir da terra hoxe en día?

Que se anime, que se che gusta é moi bonito. Eu en novembro fun recoller os últimos pementos. Telo que vivir, o que é saír da túa porta e atoparte de todo. Teño leito, pan. Fágoo eu moitas veces, ourego, tomiño, alfábega, teño un montón de azafrán, botes de tomates, pementos.

Probade porque é unha felicidade, o máis triste é cando che

saen mal as cousas, pero isto hai que vivilo polo formiguiño que che entra dentro do corpo. E se non tes quen che axude podes poñer unha granxa de galiñas, que dan pouco traballo. Os que vivimos do campo temos de todo.

Propostas para a mellora da actividade.

O que aquí melloraría é a terra. A terra non dá para ter vacas. Non hai suficiente, e é o fundamental. Eu non vivo doutra cousa, e para iso precísase terra. A mellora sería ter unha maior accesibilidade á terra.

E, por outro lado, a burocracia. A dos papeis son eu, o meu fillo non se decata dos papeis, pero para a xente maior é moi complicado. Aos veciños que viven ao lado, os papeis fágollos eu tamén: pendentes, o libro, as altas. Antes viñan os da Xunta, pero agora non. Eu non lle teño medo ás inspeccións do FOGGA porque procuro ter todo ao día pero, por exemplo, se tes unha confusión de planta no recinto.... agora non podes falar con ningún para explicar as cousas!

Conclusiones

Tras a lectura das experiencias de vida que conforman esta peza, extraemos que é difícil vivir soamente do traballo agrogandeiro a nivel económico, sendo múltiples as causas desta situación, pero non é imposible. Así mesmo as vantaxes de vivir do campo son diversas e supoñen un gran aporte á calidade de vida das persoas.

Enuméranse a continuación algunhas das vantaxes e das dificultades extraídas das vivencias das protagonistas deste documento.

VANTAXES	DIFICULTADES
Flexibilidade e liberdade laboral.	Horas necesarias dedicadas ao proxecto agrogandeiro sumadas aos traballos de coidados ou a outros empregos.
Contacto coa natureza e cos animais.	Conciliación coa maternidade.
Coñecemento do medio.	Falta de confianza por falta de experiencia.
Alimentación saudable.	Inseguridades en relación coa contorna polo feito de ser a titular do proxecto en lugar dun home.
Exercicio físico.	Subestimar o emprego labrego.
Autoxestión e autobastecemento.	
Sentimento realista das necesidades.	
Seguridade alimentaria.	
Coidado do futuro.	

Algunha proposta á hora de acometer o traballo agrogandeiro é non dedicarse soa, senón facer alianzas e tecer redes xerando apoio mutuo (Sistemas Participativos de Garantía, participar en mercados locais, achegarte ao Sindicato Labrego Galego). A economía do campo é unha

economía de colaboración e de axuda non de competición. Coida do solo, non utilices químicos e innova! Diversifica a túa actividade, podes compartir o teu saber a través de cursos e da investigación. E diversifica tamén os teus cultivos (hortalizas, flores, froitas).

Con todo, para acurtar as desigualdades e darlle o valor que teñen ás labregas no territorio, dignificar o seu traballo e consolidar a súa actividade profesional, faise latente a necesidade de crear máis incentivos que fomenten o traballo no campo. A administración debe aportar os apoios económicos para perpetuar o traballo labrego, a accesibilidade á terra e mellorar as condicións de vida no campo.



sindicato
labrego galego
comisións labregas



Deputación
Pontevedra